DECLARACION RESPONSABLE DE CELEBRACIÓN DE ESPECTACULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE ESCASA ENTIDADE OU INCIDENCIA

**(Lei 10/2017 de 27 de decembro e Lei 9/2013 de 19 de decembro)**

D…………………………………………………………………con DNI nº……………………………..,con enderezo a efectos de notificacións en…………………………………………………………………………………………...en representación da entidade……………………………………………………………………………………………con CIF nº……………………………………………a efectos da presentación de declaración responsable previa para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de escasa entidade ou incidencia, non sometidos a licenza, no concello de Guitiriz, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que cumpro todos os requisitos para **a celebración do espectáculo público ou actividade recreativa de escasa entidade recollidos no art. 9 do Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos, actividades recreativas e establecementos abertos o público da Comunidade Autónoma de Galicia (*), o cal se celebrará …………………………………………………………………………………………………… sito na ……………………………………………………………………………………………………… ……………. segundo a memoria e documentación complementaria que se adxunta.**

**Que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e demais previstas no planeamento urbanístico e na lexislación sectorial que lle resulta de aplicación, de acordo co disposto no artigo 24º.1.c) da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e do artigo 11º do Decreto 144/2016, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e aperturas de establecementos.**

**Que dispoño de título posesorio que me lexitima para a ocupación do local ou establecemento.**

**Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente exixidos durante o período de tempo inherente ao exercizo da actividade.**

Guitiriz, ………….de……………………de 20

Asdo., o titular: …………………………………………………

(nome completo do titular)

Documentación a adxuntar:

□ Memoria explicativa do espectáculo ou actividade que se pretende reaºlizar.

□ Copia da póliza de seguro do establecemento e recibo vixente do pagamentos das primas.

*** Art. 9 do Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos, actividades recreativas e establecementos abertos o público da Comunidade Autónoma de Galicia:**

*1. Para que un espectáculo público ou unha actividade recreativa sexa considerado de escasa entidade ou incidencia, para os efectos do disposto no artigo 41 bis.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade da economía de Galicia, deberá cumprir, como mínimo, todos e cada un dos seguintes requisitos:*

*a) Que teña lugar en establecementos ou espazos abertos ao público cunha capacidade inferior a 75 persoas.*

*b) Que se trate de actuacións realizadas ao vivo por artistas, intérpretes ou executantes, que non precisen de escenario desmontable, nin camerinos, nin medidas especiais de seguridade e insonorización distintas das que xa dispón o establecemento ou espazo e cuxo desenvolvemento non supoña, ao mesmo tempo, unha modificación da actividade para a que está habilitado, que se seguirá realizando xunto coa de escasa entidade ou incidencia.*

*c) Que o espectáculo ou actividade non afecte ás condicións xerais técnicas, de seguridade e de illamento acústico do establecemento ou espazo, nin sexa susceptible de producir unha alteración das condicións de seguridade e evacuación nin un incremento da capacidade que se recolle no título habilitante.*

*d) Que non requira a montaxe de instalacións ou equipamento técnico extraordinario e distinto do que xa dispón o establecemento ou espazo pola súa normativa aplicable.*